

NOTA DE PRENSA 076/23
16 DE SETEMBRO DE 2023

**O RALLYE DE OURENSE – RIBEIRA SACRA, OITAVA PARADA DO
CAMPIONATO GALEGO DE RALLYES**

O Campionato de Galicia de Rallys afronta esta fin de semana a súa oitava cita puntuable coa celebración do Rallye Ourense - Ribeira Sacra.

A competición ourensá, que afronta a súa undécima edición, parte con 145 equipos na liña de saída de Luintra e con nada menos que sete vehículos da categoría R5.

Parten como grandes favoritos Alberto Meira e Avelino Martínez, co seu habitual Skoda. Tamén teñen opcións, Jorge Pérez e Miriam Vera, Luis Vilariño e Kike Velasco ou Javier Ramos e Álex Moure, entre outros.

Nos trofeos promocionais, máxima emoción, coa proba ourensá como xuíz de cas todas elas.

O rallye comezará esta tarde coa pasada por Castro de Beiro. Para o sábado, oito tramos con final marcado para as 20,30 horas en Luintra.